

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 24 DE MAIO DE 2023

Ás 10:05 horas do día 24 de maio de 2023, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 19 de maio, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Cristina Gómez García, xefa do Servizo de Igualdade (asiste aos puntos 2a 2b, 4a e 4b)
D^a. Luz González Domínguez, xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía (asiste aos puntos 2c e 4c)
D^a. Cristina Chao Polo, xefa do Servizo de Festas (asiste aos puntos 2d e 4d).
D^a. Beatriz Barbará Rodríguez, xefa do Servizo de Contratación (asiste aos puntos 6 e 10)
D^a. María Dapena Gómez, xefa da Área de RRHH e Formación (asiste ao punto 11a)
D^a. Pilar Carneiro Miniño, xefa do Servizo de Xuventude (asiste ao punto 11b)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto da xestión e dinamización da Casa das Mulleres (12.024-224)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 04:19	Páxina 1 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAB48-57C4D3-BHC24C-V6DBSM-7RSRTT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. ALVALOP SERVICIOS XXI, S.L.
 2. XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L.

b) Procedemento aberto dos servizos de xestión e dinamización do Centro de documentación e recursos feministas de Vigo (12.025-224)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento a XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.
- b) Outorgar un prazo de tres días a SUPERNOVA ASISTENCIAS, S.L.U. para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación.

Concretamente deberá presentar un novo DEUC no que declare, como solvencia técnica, contratos similares aos do contrato ("*Para determinar se un servizo é de igual ou similar natureza atenderase aos tres primeiros díxitos do código CPV*" – cláusula 8.8.3º do PCAP). Lémbrese que os CPVs deste contrato son 79500000-9 Servizos de axuda nas funcións de oficina e 79560000-7 Servizos de arquivo (apartado 2B do Anexo I -FEC- do PCAP).

Alternativamente, se o licitador posúe a solvencia técnica esixida, en lugar de indicar outros contratos pode directamente responder á pregunta recollida na "*Parte IV: Criterios de selección, a: Indicación global relativa a todos los criterios de selección Respecto a los criterios de selección, el operador económico declara que: Cumple todos los criterios de selección requeridos*".

c) Procedemento aberto do servizo de axencia informativa de novas e alertas en tempo real (19.515-101)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 04:19	Páxina 2 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAB48-57C4D3-BHC24C-V6DBSM-7RSRTT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



- Admitir neste procedemento a EUROPA PRESS DELEGACIONES, S.A. por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

d) Procedemento aberto do servizo de produción técnica soporte de espectáculos de pequeno formato, concertos no Auditorio de Castrelos, organización do sistema de entradas e catering para eventos do programa "Vigo en festas" (9.660-335)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Infórmase que non se presentou ningunha proposición ao lote 4 e que segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral o 24 de maio de 2023, foi presentada unha proposición por PREMIUNGUEST S.L. (documentos nº 230143965 e 230144022) ao lote 3 deste procedemento o último día do prazo (22 de maio de 2023).

Compróbase que a documentación presentada non está encriptada, polo que non se garante o segredo da proposición antes do acto da apertura (artigo 139 da LCSP) o que constitúe un suposto de non admisión da proposición recollido na cláusula 13.4i.1 do PCAP ("*A presentación de documentos non encriptados dos que puidese coñecerse o seu contido antes do correspondente acto de apertura dará lugar á non admisión do licitador*").

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "*Documentación persoal*" de todos os licitadores agás PREMIUNGUEST, S.L., tras a súa desencriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. FLUGE GALICIA, S.L. (lotes 1 e 2)
 2. SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. (lotes 1 e 2)
 3. FUNDACION GALICIA OBRA SOCIAL (lote 3)
- b) Non admitir a PREMIUNGUEST no lote 3 deste procedemento por ter presentado a proposición non encriptada e coñecerse o seu contido antes do acto de apertura (artigo 139 da LCSP e cláusula 13.4i.1 do PCAP).
- c) Formular a seguinte proposta ao órgano de contratación:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 04:19	Páxina 3 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAB48-57C4D3-BHC24C-V6DBSM-7RSRTT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto do servizo de produción técnica soporte de espectáculos de pequeno formato, concertos no Auditorio de Castrelos, organización do sistema de entradas e catering para eventos do programa "Vigo en festas" (9.660-335)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 5 de maio de 2023 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, do servizo de produción técnica soporte de espectáculos de pequeno formato, concertos no Auditorio de Castrelos, organización do sistema de entradas e catering para eventos do programa "Vigo en festas" (9.660-335).

Segundo.- O día 5 de maio de 2023 publicouse anuncio no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público, rematando o prazo para a presentación das proposicións o 22 de maio.

Terceiro.- Segundo consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 24 de maio de 2023, non se presentou ningunha proposición para o lote 4 "Servizo de catering".

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que non se presentou ningunha proposición para o lote 4 "Servizo de catering", tal e como consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 24 de maio de 2023, cómpre declarar deserto este lote.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Declarar deserto o lote 4 "Servizo de catering" do procedemento aberto do servizo de produción técnica soporte de espectáculos de pequeno formato, concertos no Auditorio de Castrelos, organización do sistema de entradas e catering para eventos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 04:19	Páxina 4 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAB48-57C4D3-BHC24C-V6DBSM-7RSRTT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



do programa "Vigo en festas" (9.660-335) por non terse presentado ningunha proposición".

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto da xestión e dinamización da Casa das Mulleres (12.024-224)

Procédese á descrición dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto dos servizos de xestión e dinamización do Centro de documentación e recursos feministas de Vigo (12.025-224)

Retírase este asunto da orde do día porque a Mesa acordou no punto 2b conceder un prazo a un dos licitadores para a emenda do Sobre A.

c) Procedemento aberto do servizo de axencia informativa de novas e alertas en tempo real (19.515-101)

Procédese á descrición dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" do único licitador admitido.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

d) Procedemento aberto do servizo de produción técnica soporte de espectáculos de pequeno formato, concertos no Auditorio de Castrelos, organización do sistema de entradas e catering para eventos do programa "Vigo en festas" (9.660-335) (lotes 1, 2 e 3)

Procédese á descrición dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliáveis mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de formación e dinamización da lingua e cultura galegas (3.120-334)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses co único licitador admitido no lote 3 deste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.



Entrégase o informe asinado pola xefa da Unidade Administrativa de Alcaldía - instrutora dos expedientes relativos a Normalización Lingüística (resolución do 02/05/2023) o 19 de maio de 2023 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de formación e dinamización da lingua e cultura galegas (3.120-334)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" do único licitador admitido no lote 3 deste procedemento co seguinte resultado:

	Licitador	Porcentaxe única de desconto dos prezos unitarios recollidos no apartado 3G da FEC	Cualificación do persoal para adscribir ao contrato a maiores da esixida no apartado 5F da FEC		Control de calidade
			Formación complementaria en dinamización sobre lingua e cultura galegas	De acreditar experiencia en formación sobre lingua e cultura galegas a maiores da esixida	
1	NORFORMACIÓN S.L.	5,1%	0	0	si

O licitador presenta o orzamento detallado esixido no PCAP.

Non asiste público á apertura.

En aplicación dos criterios recollidos no apartado 7D do Anexo I -FEC- da cláusula 18.1b do PCAP para para determinar que a oferta contén valores anormais, a Mesa comproba que a oferta non contén valores anormais. Ao haber un único licitador, procede outorgarlle a máxima puntuación de conformidade co previsto na cláusula 16.3 do PCAP:

	Licitador	Porcentaxe única de desconto dos prezos unitarios recollidos no apartado 3G da FEC	Cualificación do persoal para adscribir ao contrato a maiores da esixida no apartado 5F da FEC		Control de calidade
			Formación complementaria en dinamización sobre lingua e cultura galegas	De acreditar experiencia en formación sobre lingua e cultura galegas a maiores da esixida	
1	NORFORMACIÓN S.L.	45 puntos	6 puntos	4 puntos	5 puntos
Puntuación total					60 puntos



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Tendo en conta a puntuación obtida polo licitador na súa proposición avaliable mediante xuízo de valor, a puntuación total é a seguinte:

	Licitador	Criterios xuízo valor	Criterios fórmula	Puntuación total
1	NORFORMACIÓN S.L.	32 puntos	60 puntos	92 puntos

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de formación e dinamización da lingua e cultura galegas (3.120-334)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no lote 3 do procedemento aberto para a contratación do servizo de formación e dinamización da lingua e cultura galegas (3.120-334) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	NORFORMACIÓN S.L.	92 puntos

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, NORFORMACIÓN S.L. (B-36.343.218), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de elaboración e posterior revisión/actualización e implantación de plans de autoprotección ou normas de actuación no caso de emerxencia nos centros onde se desenvolven actividades de titularidade municipal (1.573-2202)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación entrégase o informe asinado o 22 de maio de 2023 pola técnica de Riscos Laborais e a xefa da Área de RRHH e Formación sobre a documentación esixida no sobre C para a acreditación dos criterios avaliables a través de fórmula.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 04:19	Páxina 7 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAB48-57C4D3-BHC24C-V6DBSM-7RSRTT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de elaboración e posterior revisión/actualización e implantación de plans de autoprotección ou normas de actuación no caso de emerxencia nos centros onde se desenvolven actividades de titularidade municipal (1.573-2202)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 3 de marzo de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación da prestación do servizo consistente na elaboración e posterior revisión/actualización e implantación de plans de autoprotección ou normas de actuación no caso de emerxencia nos centros onde se desenvolven actividades de titularidade municipal (expediente 1573/2202).

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato, elaborado polo Servizo de Contratación con data de sinatura electrónica de 26/01/2023.

Terceiro.- Autorizar o gasto por un importe de 290.208,44 € (IVE incluído) de acordo ás seguintes anualidades:

- Ano 2023: 75.724,29 €.
- Ano 2024: 100.965,71 €.
- Ano 2025: 91.449,19 €.
- Ano 2026: 22.069,25 €

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo contemplados na aplicación 920.1.2279900 "Plans autoprotección e avaliación, PRL" e bolsa de vinculación do orzamento de gastos do Concello de Vigo.

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 4 de maio de 2023 adoptou a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 04:19	Páxina 8 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAB48-57C4D3-BHC24C-V6DBSM-7RSRTT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de elaboración e posterior revisión/actualización e implantación de plans de autoprotección ou normas de actuación no caso de emerxencia nos centros onde se desenvolven actividades de titularidade municipal (1.573-2202) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	PEDRO MURCIEGO DELGADO	99,75 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PEDRO MURCIEGO DELGADO (76-708.878-Z), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, PEDRO MURCIEGO DELGADO, o día 5 de maio de 2023, que presenta a documentación requirida o 22 do mesmo mes, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 24 de maio de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PEDRO MURCIEGO DELGADO, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 04:19	Páxina 9 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAB48-57C4D3-BHC24C-V6DBSM-7RSRTT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PEDRO MURCIEGO DELGADO, de conformidade co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor do 21 de abril de 2023 e o acorda da Mesa de Contratación do 3 de maio polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula ao abeiro do previsto na cláusula 16.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a PEDRO MURCIEGO DELGADO (76-708.878-Z) o procedemento aberto para a contratación do servizo de elaboración e posterior revisión/actualización e implantación de plans de autoprotección ou normas de actuación no caso de emerxencia nos centros onde se desenvolven actividades de titularidade municipal (1.573-2202) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 275.697,54 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 47.848,33 euros.
- b) Achega 42 plans de autoprotección conforme ao RD 393/2007 de centros realizados polo/a técnico/a que se adscriba a execución do contrato nos últimos 10 anos.
- c) Achega 20 normas de actuación en caso de emerxencia de centros realizados polo/a técnico/a que se adscriba a execución do contrato nos últimos 10 anos.
- d) Achega 176 horas de formación adicional en xestión de emerxencias e plans de autoprotección do/a técnico/a que se adscriban a execución do contrato.
- e) Achega a acreditación da habilitación como director de seguridade privada polo Ministerio do Interior do/a técnico/a asignado/a para a execución do contrato.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

b) Procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión e realización do programa "Verán xove: actividades de conciliación familiar" (9.643-336)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 04:19	Páxina 10 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAB48-57C4D3-BHC24C-V6DBSM-7RSRTT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores clasificados en primeiro lugar en cada un dos lotes deste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión e realización do programa "Verán xove: actividades de conciliación familiar" (9.643-336)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 23 de marzo de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

"1º.- Autorizar o gasto de 541.058,64 € correspondente ao orzamento base de licitación do Programa Verán Xove: actividades de conciliación familiar, para a contratación da xestión do proxecto de organización e prestación de servizos para un total de 3.800 prazas de actividades para o verán 2023.

O orzamento para o ano 2023 imputarase ás partidas orzamentarias :

3370 227 9912. Campamentos do verán, por importe de 368.000€, dos que 118.000€ serán con cargo ao Proxecto 22337002.

3370 226 0902 (Proxecto 22337002) Actividades de prevención familiar e comunitaria por importe de 44.508 € e 125.450€ con cargo a remanentes.

3370 227 9903 (Proxecto 22337002) Prestación de servizos por importe de 3.100,64€ con cargo a remanentes consumindo crédito da partida.; coa seguinte distribución orzamentaria nos seguintes LOTES:

LOTES	PREZO SEN IVE
LO LOTE 1	31,698.99 €
LO LOTE 2	31,698.99 €
LO LOTE 3	31,698.99 €
LO LOTE 4	42,062.13 €
LO LOTE 5	49,182.09 €
LO LOTE 6	37,186.25 €
LO LOTE 7	42,062.13 €
LO LOTE 8	31,698.99 €



LOTE 9	42,062.13 €
LOTE 10	31,698.99 €
LOTE 11	31,698.99 €
LOTE 12	54,046.52 €
LOTE 13	35,076.31 €
TOTAL	491.871,50€

2º.- Aprobar o expediente de contratación que contén o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da xestión do Programa Verán Xove: Actividades de conciliación familiar, para un total de 3.800 prazas no verán 2023 de data 22 de marzo 2023, así como o prego de prescricións técnicas para a prestación do servizo de data 27 de febreiro e a Memoria xustificativa do contrato de data 20 de marzo 2023.

3º.- Acordar a apertura do procedemento de licitación para a selección de contratista/s na forma prevista na lexislación vixente” .

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 16 de maio de 2023 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón dos seguintes acordos adoptados pola Mesa de Contratación:

- Sesión do 25 de abril de 2023 polo que non se admite a BARAFUNDA, S.L. nos lotes 2, 3, 9, 10 e 11 deste procedemento por non presentar correctamente a súa proposición de conformidade co esixido na cláusula 14 do PCAP.
- Sesión do 3 de maio de 2023 polo que se exclúe deste procedemento aos seguintes licitadores por non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP:
 - LEONARDO BRANDAO RODRÍGUEZ (lotes 1, 2, 3, 8, 10 e 11)
 - SERVIPLUSTOTAL, S.L (lote 13)

Segundo.- Excluír deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado pola xefa do Servizo de Xuventude o 11 de maio de 2023:

1. SUPERNOVA ASISTENCIAS, S.L.U. (lotes 1, 2, 3, 4, 5, 7, 8, 10 e 11)
2. ELISA ESTEVEZ RODRIGUEZ (lote 9)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 04:19	Páxina 12 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAB48-57C4D3-BHC24C-V6DBSM-7RSRTT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión e realización do programa "Verán xove: actividades de conciliación familiar" (9.643-336) na seguinte orde descendente:

LOTE 1. Campamento verán 1. Alcobre e praia		
CLASIFICACIÓN POR ORDE		Puntuación total
1	DANIELA ALVITE WAISMAN	92,00
2	KOREMI REHABILITACIÓN, S.L	81,13
3	SERVIPLUSTOTAL S.L	75,56
4	ELISA ESTEVEZ RODRIGUEZ	72,61
5	TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA S.L	55,28

LOTE 2. Campamento verán 2. Berbés		
CLASIFICACIÓN POR ORDE		Puntuación total
1	ACT. EXTR. Y FORMATIVAS OCIO Y DEPORTE DE GALICIA. S.L	76,00
2	ELISA ESTEVEZ RODRIGUEZ	74,35
3	SERVIPLUSTOTAL S.L	68,28

LOTE 3. Campamento verán 3. Centro cidade		
CLASIFICACIÓN POR ORDE		Puntuación total
1	ELISA ESTEVEZ RODRIGUEZ	85,00
2	SERVIPLUSTOTAL S.L	68,28

LOTE 4. Campamento verán 4. Pavillón de Coia		
CLASIFICACIÓN POR ORDE		Puntuación total
1	ELISA ESTEVEZ RODRIGUEZ	81,28
2	KOREMI REHABILITACIÓN, S.L	81,08
3	ACT. EXTR. Y FORMATIVAS OCIO Y DEPORTE DE GALICIA, S	76,00
4	SERVIPLUSTOTAL S.L	61,12

LOTE 5. Campamento verán 5. NÁUTICO 1		
CLASIFICACIÓN POR ORDE		Puntuación total
1	TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA S.L	92,00





Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 04:19	Páxina 14 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAB48-57C4D3-BHC24C-V6DBSM-7RSRTT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

LOTE 6. Campamento verán 6. NÁUTICO 2	
CLASIFICACIÓN POR ORDE	Puntuación total
1 SUPERNOVA ASISTENCIAS S.L.U	85,00
2 TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA S.L	48,46

LOTE 7. Campamento verán 7. NAVIA	
CLASIFICACIÓN POR ORDE	Puntuación total
1 DANIELA ALVITE WAISMAN	92,00
2 KOREMI REHABILITACIÓN, S.L	81,08
3 ELISA ESTEVEZ RODRIGUEZ	79,16
4 SERVIPLUSTOTAL S.L	61,12

LOTE 8. Campamento verán 8. Samil e praia	
CLASIFICACIÓN POR ORDE	Puntuación total
1 ELISA ESTEVEZ RODRIGUEZ	78,27
2 ACT. EXTR. Y FORMATIVAS OCIO Y DEPORTE DE GALICIA, S	76,00
3 SERVIPLUSTOTAL S.L	74,68
4 TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA S.L	44,78

LOTE 9. Campamento verán 9. Vigosónico	
CLASIFICACIÓN POR ORDE	Puntuación total
1 SUPERNOVA ASISTENCIAS S.L.U	92,00
2 SERVIPLUSTOTAL S.L	52,53

LOTE 10. Campamento verán 10. Vigozoo	
CLASIFICACIÓN POR ORDE	Puntuación total
1 UTE XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL E CERQUIÑO S. COOP. GALEGA.	82,52
2 ELISA ESTEVEZ RODRIGUEZ	77,87
3 ACT. EXTR. Y FORMATIVAS OCIO Y DEPORTE DE GALICIA, S	76,00
4 SERVIPLUSTOTAL S.L	71,06

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



LOTE 11. Campamento verán 11.CEIP	
CLASIFICACIÓN POR ORDE	Puntuación total
1 ELISA ESTEVEZ RODRIGUEZ	85,00
2 SERVIPLUSTOTAL S.L	68,28

LOTE 12. Campamento verán 12. Travesas	
CLASIFICACIÓN POR ORDE	Puntuación total
1 SUPERNOVA ASISTENCIAS S.L.U	92,00

LOTE 13. Campamento verán 13. Vigozoo albergue con pernocta	
CLASIFICACIÓN POR ORDE	Puntuación total
1 UTE XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL E CERQUIÑO S. COOP. GALEGA.	99,00

Cuarto.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar en cada lote, DANIELA ALVITE WAISMAN (44.844.142-F) (lotes 1 e 7), ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES Y FORMATIVAS OCIO Y DEPORTE DE GALICIA, S.L. (B-27.774.843) (lote 2), ELISA ESTEVEZ RODRIGUEZ (34.904.364-R) (lotes 3, 4, 8 e 11), TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA, S.L.U. (B-27.753.573) (lote 5), SUPERNOVA ASISTENCIAS, S.L.U. (B-94.011.665) (lotes 6, 9 e 12) e UTE XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. e CERQUIÑO S. COOP. GALEGA (B-27.762.681 e F-27.854.900, respectivamente) (lotes 10 e 13), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Quinto.- En aplicación do previsto no apartado 2D do Anexo I -FEC- do PCAP, dado que ELISA ESTEVEZ RODRIGUEZ resultou clasificada en máis de 3 lotes (lotes 3, 4, 8 e 11), concédesele un prazo de 3 días para que escolla os 3 lotes dos que quere ser adxudicataria.

Sexto.- Á vista da elección de ELISA ESTEVEZ RODRIGUEZ, o Servizo de Contratación procederá a requirir a correspondente documentación ao licitador clasificado en segundo lugar no lote que non elixa”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada aos licitadores clasificado en primeiro lugar en



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 04:19	Páxina 15 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAB48-57C4D3-BHC24C-V6DBSM-7RSRTT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

cada lote, DANIELA ALVITE WAISMAN (44.844.142-F) (lotes 1 e 7), ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES Y FORMATIVAS OCIO Y DEPORTE DE GALICIA, S.L. (B-27.774.843) (lote 2), ELISA ESTEVEZ RODRIGUEZ (34.904.364-R) (lotes 3, 4, 8 e 11), TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA, S.L.U. (B-27.753.573) (lote 5), SUPERNOVA ASISTENCIAS, S.L.U. (B-94.011.665) (lotes 6, 9 e 12) e UTE XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. e CERQUIÑO S. COOP. GALEGA (B-27.762.681 e F-27.854.900, respectivamente) (lotes 10 e 13), o día 16 de maio de 2023.

Cuarto.- O 18 de maio de 2023, D^a. ELISA ESTEVEZ RODRIGUEZ, clasificada en primeiro lugar nos lotes 3, 4, 8 e 11, comunica a súa intención de escoller os lotes 3, 8 e 11.

Quinto.- Todos os licitadores presentan a documentación dentro do prazo concedido.

Sexto.- A Mesa de Contratación na sesión do 24 de maio de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polos licitadores clasificados en primeiro lugar en cada un dos lotes, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por DANIELA ALVITE WAISMAN (lotes 1 e 7), ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES Y FORMATIVAS OCIO Y DEPORTE DE GALICIA, S.L. (lote 2), ELISA ESTEVEZ RODRIGUEZ (lotes 3, 4, 8 e 11), TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA, S.L.U. (lote 5), SUPERNOVA ASISTENCIAS, S.L.U. (lotes 6, 9 e 12) e UTE XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. e CERQUIÑO S. COOP. GALEGA (lotes 10 e 13), de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 04:19	Páxina 16 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAB48-57C4D3-BHC24C-V6DBSM-7RSRTT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 27 de abril e 11 de maio de 2023, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *Tomar razón dos seguintes acordos adoptados pola Mesa de Contratación:*

- *Sesión do 25 de abril de 2023 polo que non se admite a BARAFUNDA, S.L. nos lotes 2, 3, 9, 10 e 11 deste procedemento por non presentar correctamente a súa proposición de conformidade co esixido na cláusula 14 do PCAP.*
- *Sesión do 3 de maio de 2023 polo que se exclúe deste procedemento aos seguintes licitadores por non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP:*
 - LEONARDO BRANDAO RODRÍGUEZ (lotes 1, 2, 3, 8, 10 e 11)
 - SERVIPLUSTOTAL, S.L (lote 13)

2. *Tomar razón da exclusión adoptada pola concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 16 de maio de 2023. dos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado pola xefa do Servizo de Xuventude o 11 de maio de 2023:*

- *SUPERNOVA ASISTENCIAS, S.L.U. (lotes 1, 2, 3, 4, 5, 7, 8, 10 e 11)*
- *ELISA ESTEVEZ RODRIGUEZ (lote 9)*

3. *Adxudicar a DANIELA ALVITE WAISMAN (44.844.142-F) os lotes 1 e 7 do procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión e realización do programa "Verán xove: actividades de conciliación familiar" (9.643-336) coas seguintes condicións:*

- Lote 1 Campamento verán 1. Alcabre e praia

- *O prezo total do lote é de 28.604,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.600,36 euros.*
- *Propón a realización dunha saída ou excursión con desprazamento en autobús discrecional ou barco por cada unha das quendas.*

- Lote 7 Campamento verán 7. NAVIA



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 04:19	Páxina 17 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAB48-57C4D3-BHC24C-V6DBSM-7RSRTT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- O prezo total do lote é de 37.935,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.448,64 euros.
- Propón a realización dunha saída ou excursión con desprazamento en autobús discrecional ou barco por cada unha das quendas.

4. Adxudicar a **ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES Y FORMATIVAS OCIO Y DEPORTE DE GALICIA, S.L. (B-27.774.843)** o lote 2 "Campamento verán 2. Berbés" do procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión e realización do programa "Verán xove: actividades de conciliación familiar" (9.643-336) coas seguintes condicións:

- O prezo total do lote é de 29.895,01 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.717,73 euros.
- Propón un monitor con formación ou experiencia en Educación Especial ou Integración Social para a atención de nenos e nenas con necesidades educativas especiais a maiores dos esixidos como medios persoais mínimos para cada unha das quendas.

5. Adxudicar a **ELISA ESTEVEZ RODRIGUEZ (34.904.364-R)** os lotes 3, 8 e 11 do procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión e realización do programa "Verán xove: actividades de conciliación familiar" (9.643-336) coas seguintes condicións:

- Lote 3. Campamento verán 3. Centro cidade

- O prezo total do lote é de 32.560,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.960,00 euros.
- Propón a realización dunha saída ou excursión con desprazamento en autobús discrecional ou barco por cada unha das quendas.

- Lote 8. Campamento verán 8. Samil e praia

- O prezo total do lote é de 32.560,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.960,00 euros.
- Propón a realización dunha saída ou excursión con desprazamento en autobús discrecional ou barco por cada unha das quendas.

- Lote 11. Campamento verán 11.CEIP

- O prezo total do lote é de 32.560,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.960,00 euros.
- Propón a realización dunha saída ou excursión con desprazamento en autobús discrecional ou barco por cada unha das quendas.

6. Adxudicar a **TIERRA Y MAR MULTI AVENTURA, S.L.U. (B-27.753.573)** o lote 5 "Campamento verán 5. NÁUTICO 1" do procedemento aberto para a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 04:19	Páxina 18 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAB48-57C4D3-BHC24C-V6DBSM-7RSRTT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



contratación de servizos para a xestión e realización do programa "Verán xove: actividades de conciliación familiar" (9.643-336) coas seguintes condicións:

- O prezo total do lote é de 53.952,91 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 4.904,81 euros.
 - Propón a realización dunha saída ou excursión con desprazamento en autobús discrecional ou barco por cada unha das quendas.
 - Propón un monitor con formación ou experiencia en Educación Especial ou Integración Social para a atención de nenos e nenas con necesidades educativas especiais a maiores dos esixidos como medios persoais mínimos para cada unha das quendas.
7. Adjudicar a SUPERNOVA ASISTENCIAS, S.L.U. (B-94.011.665) os lotes 6, 9 e 12 do procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión e realización do programa "Verán xove: actividades de conciliación familiar" (9.643-336) coas seguintes condicións:
- Lote 6. Campamento verán 6. NÁUTICO 2
 - O prezo total do lote é de 32.208,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.928,00 euros.
 - Propón a realización dunha saída ou excursión con desprazamento en autobús discrecional ou barco por cada unha das quendas.
 - Propón un monitor con formación ou experiencia en Educación Especial ou Integración Social para a atención de nenos e nenas con necesidades educativas especiais a maiores dos esixidos como medios persoais mínimos para cada unha das quendas.
 - Lote 9. Campamento verán 9. Vigosónico
 - O prezo total do lote é de 36.322,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.302,00 euros.
 - Propón a realización dunha saída ou excursión con desprazamento en autobús discrecional ou barco por cada unha das quendas.
 - Propón un monitor con formación ou experiencia en Educación Especial ou Integración Social para a atención de nenos e nenas con necesidades educativas especiais a maiores dos esixidos como medios persoais mínimos para cada unha das quendas.
 - Lote 12. Campamento verán 12. Travesas
 - O prezo total do lote é de 54.868,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 4.988,00 euros.
 - Propón a realización dunha saída ou excursión con desprazamento en autobús discrecional ou barco por cada unha das quendas.
 - Propón un monitor con formación ou experiencia en Educación Especial ou Integración Social para a atención de nenos e nenas con necesidades educativas especiais a maiores dos esixidos como medios persoais mínimos para cada unha das quendas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 04:19	Páxina 19 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAB48-57C4D3-BHC24C-V6DBSM-7RSRTT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

para cada unha das quendas.

8. Adxudicar á UTE XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. e CERQUIÑO S. COOP. GALEGA (B-27.762.681 e F-27.854.900, respectivamente) os lotes 10 e 13 do procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión e realización do programa "Verán xove: actividades de conciliación familiar" (9.643-336) coas seguintes condicións:

- Lote 10

- O prezo total do lote é de 33.550,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.050,00 euros.
- Propón a realización dunha saída ou excursión con desprazamento en autobús discrecional ou barco por cada unha das quendas.
- Propón un monitor con formación ou experiencia en Educación Especial ou Integración Social para a atención de nenos e nenas con necesidades educativas especiais a maiores dos esixidos como medios persoais mínimos para cada unha das quendas.

- Lote 13

- O prezo total do lote é de 38.500,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.500,00 euros.
- Propón un monitor con formación ou experiencia en Educación Especial ou Integración Social para a atención de nenos e nenas con necesidades educativas especiais a maiores dos esixidos como medios persoais mínimos para cada unha das quendas.

9. Adxudicar a KOREMI REHABILITACIÓN, S.L. o lote 4 "Campamento verán 4. Pavillón de Coia" do procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión e realización do programa "Verán xove: actividades de conciliación familiar" (9.643-336) coas seguintes condicións:

- O prezo total do lote é de 43.236,28 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.930,57 euros.
- Propón a realización dunha saída ou excursión con desprazamento en autobús discrecional ou barco por cada unha das quendas.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e as ofertas presentadas".

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:55



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 04:19	Páxina 20 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAB48-57C4D3-BHC24C-V6DBSM-7RSRTT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 04:19	Páxina 21 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAB48-57C4D3-BHC24C-V6DBSM-7RSRTT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		